



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE ONCE DE MAIO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 20)

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **once de maio de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente, D. Darío Campos Conde e os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D^a. M^a. del Pilar García Porto e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de maio de dous mil dezaeito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE LOURENZA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2801 DE SANTO TOMÉ, POR SAN ADRIANO E AUGAXOSA, A ARROXO, P.K. 0+400-0+960, LU-P-2803 DE SANTO TOMÉ A LINDÍN, P.K. 0+000-0+750 E LU-P-2805 DE SANTO TOMÉ A SANTA MARÍA MAIOR, P.K. 0+000-0+950.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 82.202,49 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 17.262,52€ en concepto de IVE, correspondente á obra: LOURENZA.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 De Santo Tomé, por San Adriano e Augaxosa a Arroxo, P.K. 0+400 -0+960, LU-P-2803 De Santo Tomé a Lindín, P.K. 0+000-0+750 e LU-P-2805 “De Santo Tomé a Santa María Maior”, P.K. 0+000-0+950.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 9 do 12 de xaneiro de 2018, se abriu prazo de 26 días naturais para a recepción de



documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 26 de febreiro e 5 de abril de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 25 de abril de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a execución da obra LOURENZA.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 De Santo Tomé, por San Adriano e Augaxosa, a Arroxo, P.K. 0+400 -0+960, LU-P-2803 De Santo Tomé a Lindín, P.K. 0+000-0+750 e LU-P- 2805 “De Santo Tomé A Santa María Maior”, P.K. 0+000-0+950, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 22 de decembro de 2017, á mercantil Construcciones Isidro Otero, S.L., representada por D. Isidro Otero Bello, na cantidade de 52.486,29 € e 11.022,11 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 0,00 (cero) metros; e un plan de comunicación por importe de 200,00 € e 42,00 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP

2º.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CASTROVERDE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1611 CINTURÓN COMARCAL P.K. 118+765-120+845 E 121+445-124+300.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 287.521,02 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 60.379,41€ en concepto de IVE, correspondente á obra: CASTROVERDE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón Comarcal” P.K. 118+765-120+845 e 121+445-124+300.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 9 do 12 de xaneiro de 2018, se abriu prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 26 de febreiro e 12 de marzo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 6 de abril de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a execución da obra CASTROVERDE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón Comarcal” P.K. 118+765-120+845 e 121+445-124+300, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 22 de decembro de 2017, á mercantil Construcciones Taboada y Ramos S.L., representada por D. Manuel Taboada Gómez, na cantidade 194.795,49 € e 40.907,05 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 1.180 metros; e un plan de comunicación por importe de 6.000,00 € e 1.260 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.



O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP

2º.- Requirit ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CERVANTES.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1401 DOIRAS (723)-PIORNEDO-LÍMITE PROVINCIAL DE LEÓN, P.K. 0+000-5+500 E LU-P-1402 SAN MARTIÑO DA RIBEIRA (LU-722)-QUINDOUS-VILAQUINTE (LU-P-3505), P.K. 1+800-6+600.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xaneiro de 2017, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 480.738,58 €, ao que terá que engadirse a cantidade de 100.955,10€ en concepto de IVE, correspondente á obra: CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1401 “Doiras (723)-Piornedo-Límite provincial de León”, P.K. 0+000-5+500 e LU-P-1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)”, P.K. 1+800 – 6+600.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 026 do 1 de febreiro de 2018, se abriu prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 12 e 19 de marzo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 12 de abril de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a execución da obra CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1401 “Doiras (723)-Piornedo-Límite provincial de León”, P.K. 0+000-5+500 e LU-P-1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)”, P.K. 1+800-6+600, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 19 de xaneiro de 2018, á mercantil OVISA Pavimentos y Obras S.L.U., representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, na cantidade 306.560,00 € e 64.377,60 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do Prego de CAP de 30 metros; e un plan de comunicación por importe de 500,00 € e 105,00 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP.

2º.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.



3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE INCIO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2503 DE INCIO, POR FOILEBAR E VILARXOÁN, Á CP 5603 P.K. 4+275-5+900 E LU-P-2506 DA CP 5711, EN SAA, POR BALBÓN A PACIOS, P.K. 2+135-3+700.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2017, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 129.852,21 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 27.268,96€ en concepto de IVE, correspondente á obra: O INCIO.- Rehabilitación de firme LU-P-2503 “De Incio, por Foilebar e Vilarxoan,á C.P. 5603” P.K. 4+275-5+900 e LU-P-2506 “Da C.P. 5711, En Saa, por Balbón a Pacios”, P.K. 2+135-3+700.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 26 do 1 de febreiro de 2018, se abriu prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 12 e 19 de marzo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 20 de abril de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a execución da obra O INCIO.- Rehabilitación de firme LU-P-2503 “De Incio, por Foilebar e Vilarxoan,á C.P. 5603” P.K. 4+275-5+900 e LU-P-2506 “Da C.P. 5711, En Saa, por Balbón a Pacios”, P.K. 2+135-3+700, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 12 de xaneiro de 2018, á mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras, S.A., representada por D. Rafael Rodríguez González, na cantidade de 89.364,29 € e 18.766,50 €

de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 235 metros; e un plan de comunicación por importe de 1.750,00 € e 367,50 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP.

2º.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Viveiro, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración dun evento de mercado interese turístico para a Mariña Lucense: O Resurrection Fest, ano 2018.*

Logo de ver que con data 9 de maio de 2018 tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, solicitude presentada pola Alcaldesa do Concello de Viveiro para implementar unha relación interadministrativa de cooperación, concorrendo títulos competenciais e



un obxectivo común: cooperar na celebración dun evento de marcado interese turístico para a Mariña Lucense: Resurrection Fest 2018. A devandita cooperación concretaríase na promoción do festival. Con dita solicitude achégase unha memoria explicativa da actuación que se pretende levar a cabo.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Viveiro e esta Entidade Provincial, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración dun evento de marcado interese turístico para a Mariña Lucense: Resurrection Fest 2018, non constituíndo unha prestación propia dos contratos, guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción con eficacia do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN
Cooperación para a celebración do evento de marcado interese turístico para a Mariña Lucense: o Resurrection Fest 2018	130.000,00€

O Concello de Viveiro, comprométese a efectuar a cesión de espazos de titularidade municipal a carón do festival para zona de acampada e medios materiais e humanos para a concreción das medidas de seguridade esixidas para este evento.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida e asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente, asumidos no Convenio.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en

cooperar na celebración dun evento de marcado interese turístico para a Mariña Lucense: o Resurrection Fest 2018, cun orzamento total de 130.000,00 €; a achega da Deputación ascende a contía de 130.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 130.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Entidade para a anualidade 2018.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e os Concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico- económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas”.*

Logo de ver o expediente administrativo relativo ao Convenio interadministrativo que ten por obxecto a cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e os Concellos da Provincia sendo a súa finalidade reforzar os recursos tributarios propias dos municipios, cuestión intimamente ligada á autonomía municipal.

Con esta finalidade sumáronse os seguintes municipios:

CONCELLOS	
Abadín	Navia de Suarna
Alfoz	Negueira de Muñiz
Baleira	As Nogais
Baralla	Outeiro de Rei
Barreiros	Palas de Rei
Becerreá	Paradela
Begonte	O Páramo
Bóveda	A Pastoriza
Castroverde	Pedrafita do Cebreiro
Cervantes	A Pobra do Brollón
O Corgo	Pol
Cospeito	A Pontenova
Chantada	Portomarín
Folgoso do Courel	Quiroga



A Fonsagrada	Rábade
Foz	Ribadeo
Friol	Ribas de Sil
Guitiriz	Riotorto
Guntín	Sober
O Incio	Taboada
Láncara	Trabada
Lourenzá	Triacastela
Lugo	O Valadouro
Mondoñedo	O Vicedo
Monforte de Lemos	Viveiro
Muras	Xermade

Tendo en conta que co convenio cuxa aprobación se pretende instrumentase a cooperación entre esta Deputación Provincial e cada un dos Concellos asinantes, con fundamento no interese común que ámbalas dúas institucións comparten é que ten como finalidade o exercicio de competencias propias de ámbalas dúas entidades locais. Así, por un lado, facilítase aos Municipios o exercicio da potestade tributaria de que veñen investidos aumentando os seus recursos tributarios; e, doutro lado, a Deputación actualiza a súa misión institucional básica, cal é a cooperación económica e asistencia técnica aos concellos no desenvolvemento das súas competencias propias.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións (Deputación e cada un dos Concellos adheridos), que é reforzar os recursos tributarios propios dos municipios, promovendo a implantación nos municipios da provincia da taxa por ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público local polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, logo das sucesivas Sentenzas do Tribunal Supremo que avalan dita imposición, das que invocamos as STS 2727 e 2728 do 21 de decembro de 2016, establécese esta relación bilateral de colaboración nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas por cada concello e totais, cos Concellos adheridos a data de hoxe:

Concello	Importe Licitación	Financiación Concello	Licitación IVE incluído	Financiación Concello IVE incluído
Abadín	4.228,27	2.114,13	5.116,20	2.558,10
Alfoz	6.000,00	3.000,00	7.260,00	3.630,00
Baleira	3.817,51	1.908,76	4.619,19	2.309,60
Barreiros	3.672,76	1.836,38	4.444,04	2.222,02
Baralla	3.333,98	1.666,99	4.034,12	2.017,06
Becerreá	3.672,44	1.836,22	4.443,65	2.221,83
Begonte	5.429,66	2.714,83	6.569,89	3.284,95
Bóveda	3.371,50	1.685,75	4.079,52	2.039,76

Concello	Importe Licitación	Financiación Concello	Licitación IVE incluído	Financiación Concello IVE incluído
Castroverde	3.669.40	1.834.70	4.439.97	2.219.99
Cervantes	3.234.86	1.617.43	3.914.19	1.957.09
O Corgo	5.324.46	2.662.23	6.442.60	3.221.30
Cospeito	4.301.44	2.150.72	5.204.74	2.602.37
Chantada	5.479.30	2.739.65	6.629.96	3.314.98
Folgozo do Courel	3.080.46	1.540.23	3.727.36	1.863.68
A Fonsagrada	4.884.73	2.442.37	5.910.52	2.955.26
Foz	4.144.05	2.072.02	5.014.30	2.507.15
Friol	4.475.58	2.237.79	5.415.45	2.707.72
Xermade	3.917.10	1.958.55	4.739.69	2.369.84
Guitiriz	5.078.37	2.539.19	6.144.83	3.072.42
Guntín	3.801.69	1.900.85	4.600.05	2.300.02
O Incio	3.443.28	1.721.64	4.166.37	2.083.18
Láncara	3.092.93	1.546.47	3.742.45	1.871.22
Lourenzá	4.183.27	2.091.63	5.061.75	2.530.88
Lugo	6.000.00	3.000.00	7.260.00	3.630.00
Mondoñedo	5.494.82	2.747.41	6.648.73	3.324.36
Monforte de Lemos	4.792.43	2.396.22	5.798.84	2.899.42
Muras	4.651.28	2.325.64	5.628.05	2.814.02
Navia de Suarna	3.653.94	1.826.97	4.421.27	2.210.63
Negueira de Muñiz	3.052.12	1.526.06	3.693.07	1.846.54
As Nogais	3.203.52	1.601.76	3.876.27	1.938.13
Outeiro de Rei	4.563.59	2.281.79	5.521.94	2.760.97
Palas de Rei	3.831.01	1.915.51	4.635.52	2.317.76
Paradela	3.425.44	1.712.72	4.144.79	2.072.39
O Páramo	3.413.01	1.706.50	4.129.74	2.064.87
A Pastoriza	5.393.37	2.696.69	6.525.98	3.262.99
Pedrafita do Cebreiro	3.000.00	1.500.00	3.630.00	1.815.00
Pol	3.653.82	1.826.91	4.421.12	2.210.56
A Pobra de Brollón	3.180.52	1.590.26	3.848.43	1.924.21
A Pontenova	5.238.40	2.619.20	6.338.46	3.169.23
Portomarín	3.343.86	1.671.93	4.046.07	2.023.04
Ouiroga	4.940.29	2.470.15	5.977.75	2.988.88
Ribadeo	4.148.58	2.074.29	5.019.78	2.509.89
Ribas de Sil	3.115.00	1.557.50	3.769.15	1.884.57
Riotorto	3.403.41	1.701.71	4.118.13	2.059.07
Rábade	3.087.84	1.543.92	3.736.28	1.868.14
Sober	3.931.35	1.965.68	4.756.94	2.378.47
Taboada	4.735.72	2.367.86	5.730.23	2.865.11
Trabada	3.980.76	1.990.38	4.816.72	2.408.36
Triacastela	3.140.07	1.570.03	3.799.48	1.899.74
O Valadouro	3.756.64	1.878.32	4.545.53	2.272.77
O Vicedo	3.701.40	1.850.70	4.478.70	2.239.35
Viveiro	4.866.39	2.433.19	5.888.33	2.944.16
TOTAL	208.107.37	104.053.69	251.809.92	125.904.96

Tendo en conta os informes dos Servizos de Cooperación, Asistencia ao Concellos e Medio Ambiente, Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial e os Concellos adheridos para a financiación e contratación conxunta e



aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalación de transporte de enerxía eléctrica e gas, cun orzamento total de 251.809,92€; a achega desta Entidade ascende a contía 125.904,96 € e o mesmo importe a financiar polos Concellos adheridos.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte deste Organismo Provincial para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 125.904,96 € con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Deputación para a anualidade 2018.

Terceiro.- *Proposta relativa a terceira addenda de modificación ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Lugo, para a cesión de uso do edificio nº 1 do “Complejo do Miño”, con destino á se do Centro Asociada da UNED en Lugo.*

Resultando que con data 16 de maio de 2011 esta Excma. Deputación Provincial, a UNED, o Concello de Lugo e o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo, firmaron un Convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro Asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “Complejo do Miño”, ben patrimonial propiedade desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que con data de 25 de setembro de 2014, foi modificado o Convenio, asinándose unha primeira addenda.

Resultando que con data 22 de abril de 2016 pola Xunta de Goberno foi aprobada unha segunda addenda ao indicado Convenio de colaboración, que foi asinada o 9 de marzo de 2017.

Logo de ver que con data 4 de decembro de 2017, tivo entrada nesta Deputación escrito do Director do Centro Asociado da UNED de Lugo, no que solicita se pöña en marcha a sinatura

dunha terceira addenda de modificación do indicado Convenio cos propósitos de dotar a nova sede do centro Asociado das infraestruturas de base tecnolóxica audiovisual e informática, así como de aquelas outras físicas que garantan o seu correcto funcionamento e que son necesarias para a consecución dos obxectivos que lle son encomendados, os cales figuran no Anexo I que se adxunta á solicitude, así mesmo que teñan a ben modificar o prazo de devolución da contía asignada ao consorcio, cifrada en 1.331.973,15 euros, fixándose o novo prazo en 20 anos, único modo de que o Presuposto ordinario do Centro Asociado poida facer fronte a dita devolución.

Logo de ver que con data 26 de xaneiro de 2018, tivo entrada nesta Deputación solicitude da Secretaria do Consorcio do Centro Asociado UNED Lugo, así como posterior aclaración, no que se achega certificación do acordo da terceira Comisión de Seguimento do Convenio de colaboración, reunida en data 12 de decembro de 2017, a fin de modificar a cláusula primeira da addenda primeira subscripta con data 25 de setembro de 2014.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a terceira Addenda ao Convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), o Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED en Lugo coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “complexo do Miño”, ben patrimonial propiedade desta Entidade provincial, de xeito que:

a).- A adquisición e renovación de equipamento tecnolóxico para o Centro Asociado de Lugo, cuxo importe ascende a 182.063,65 € sexa incluído no obxecto do Convenio.

b).- A devolución da contía asignada ao consorcio, cifrada en 1.331.973,15 euros, que está obrigado a reembolsar a esta Excma. Deputación Provincial, quede fixada a razón de 66.598,65€ por anualidade, durante un período de vinte anos, ata o seu total reintegro, e fixando o reembolso da primeira anualidade no exercicio 2019.



c).- Os Pregos técnicos relativos á adquisición e renovación de equipamento tecnolóxico para o centro asociado de Lugo sexan elaborados polo Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación, e á vez sexan confirmados e supervisados pola UNED, e/ou a través do INTECCA.

Cuarto.- *Rectificación, se procede, de erro material detectado no Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, para a execución dos fins comúns consistentes no desenvolvemento das actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, na que manifesta que se produciu erro material no texto do Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, para a execución dos fins comúns consistentes no desenvolvemento das actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018, que foi aprobado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 27 de abril de 2018, sendo así mesmo aprobado o gasto en concepto de achega económica por parte desta Entidade para o financiamento das actuacións contempladas en dito Convenio, que ascenden á contía máxima de 9.500,00 euros con cargo ao vixente orzamento xeral para a anualidade 2018; e de conformidade co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tendo en conta os informes dos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, así como a proposta anteriormente mentada do Sr. Presidente, á Xunta de Goberno por unanimidade acorda a rectificación do citado erro do seguinte xeito:

Onde di:

“NOVENO.- A Deputación de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Caixa Rural Galega e Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) propóñense sumar os recursos

das administracións e de ambas entidades a fin de promocionar e difundir a investigación e transferencia tecnolóxica na provincia de Lugo.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio asinado entre dúas Administración Pública e dous suxeitos de dereito privado, de conformidade coas seguintes:

E con base en tales antecedentes ambas institucións consideran oportuno establecer un convenio cooperativo con arranxo ás seguintes:”

Debe dicir:

“NOVENO.- A Deputación de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Caixa Rural Galega e Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) propóñense sumar os recursos das administracións e de ambas entidades a fin de promocionar e difundir a investigación e transferencia tecnolóxica na provincia de Lugo.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio asinado entre dúas Administración Pública e dous suxeitos de dereito privado, de conformidade coas seguintes: ”

E ademais, onde se transcribe no epígrafe denominado:”

Onde di:

“Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes

As partes intervintes neste convenio de cooperación contribuirán para a súa execución nos seguintes termos:



- A USC asume os seguintes compromisos:

a) Comprometese a aportar as instalacións e investigadores – profesores necesarios para o proxecto de “Aproveitamento sostible da planta medicinal ameazada Arnica montana en L. Galicia”.(...)”

Debe dicir:

“Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes

As partes intervintes neste convenio de cooperación contribuíran para a súa execución nos seguintes termos:

- A USC asume os seguintes compromisos:

b) Comprometese a aportar as instalacións e investigadores – profesores necesarios para o proxecto de “Actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018.(...)”.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA A ENTIDADE BENEFICIARIO DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Resultando que con data 8 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I. O extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Resultando que con data 2 de novembro de 2017 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Resultando que con data 29 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 1 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que renuncia a subvención outorgada a seguinte entidade beneficiaria:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29935	ELENA DE LA FUENTE MORADO	4.500,00 €	04/05/2018

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia da empresa anteriormente mentada.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ANEXO II, ADXUDICACIÓN DE TRABALLADOR Á EMPRESAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO, BEN EMPREGADO IV.

Resultando que con data 8 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I. O extracto da convocatoria e as bases da mesma foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 221 de data 25 de setembro de 2017.

Con data 29 de decembro de 2017 foron aprobadas pola Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP nº 1 de data 2 de xaneiro de 2018.



Con data 2 de febreiro de 2018 aprobouse en Xunta de Goberno as bases da fase II do Programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018.

Tendo en conta que os traballadores incluídos no Anexo II compren os requisitos establecidos nas bases do “Programa do fomento do emprego da provincia de Lugo” Ben Empregado IV.

Por todo elo, tendo en conta o informe da Unidade de Emprego, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Anexo II, asignación do traballador á empresa beneficiaria do Programa do Fomento de Emprego da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV. O resto de persoas solicitantes quedará na listaxe de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración...sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 30 de agosto de 2019. Contra dita resolución poderase interpoñer os recursos procedentes.

2º.- Aprobar as entidades beneficiarias que quedaron desertas para a súa posterior publicación na bolsa de emprego na Axencia de Colocación, co fin de poder proveelas dos candidatos axeitados. Estes perfís están desertos ben porque os candidatos citados non se presentaron ou foron non aptos, ou porque non houbo candidatos inscritos polo que xa non se procedeu a súa citación.

LIÑA A

EXPEDIENTE	RAZÓN SOCIAL
BE4/A-17-28281	ESTETICISTA
BE4/A-17-28992	OFICIAL DE 2ª - CHAPISTA PINTOR DE VEHÍCULOS
BE4/A-17-29215	DEPENDENTE/A FERRAXERIA
BE4/A-17-29217	MOTOSERRISTA FORESTAL
BE4/A-17-29221	COCIÑEIRO/A
BE4/A-17-29329	AXUDANTE DE COCIÑA

BE4/A-17-29611	OFICIAL 1ª SERVICIOS MÚLTIPLES DE CONSTRUCCIÓN
BE4/A-17-29616	OFICIAL 2ª CONDUCTOR/A AUTOBUS
BE4/A-17-29781	OFICIAL 2ª DESPIEZADOR
BE4/A-17-29784	CAMIONERO/A
BE4/A-17-29794	FISIOTERAPEUTA (MEDIA XORNADA)
BE4/A-17-29799	PERRUQUEIRO/A
BE4/A-17-29873	COCIÑEIRO/A
BE4/A-17-29925	COMERCIAL
BE4/A-17-29928	MECÁNICO/A OFICIAL 1ª
BE4/A-17-29929	PEÓN (CHAPA, PINTURA E SOLDADURA)
BE4/A-17-29932	MECÁNICO/A VEHICULOS INDUSTRIALES
BE4/A-17-29942	MECÁNICO/A
BE4/A-17-30228	PROFESOR/A AUTOESCUELA
BE4/A-17-30244	ESPECIALISTA EN REHABILITACIÓN DE PEDRA GRANÍTICA
BE4/A-17-30452	FISIOTERAPEUTA (MEDIA XORNADA)
BE4/A-17-30454	PERRUQUEIRO/A

LIÑA B

EXPEDIENTE	RAZÓN SOCIAL
BE4/B-17-28832	GRADUADO/A SOCIAL- RELACIÓNS LABORAIS (CONTRATO EN PRÁCTICAS)
BE4/B-17-29209	PROGRAMADOR/A
BE4/B-17-29528	AXUDANTE ELECTRICISTA
BE4/B-17-29654	AXUDANTE DE COCIÑA
BE4/B-17-29883	COCIÑEIRO/A - CAMAREIRO/A

9.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver que Dona Mª Carmen Tiagonce Blanco, Administrativo do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 3 de xuño de 2018.

Tendo en conta que Dona Mª Carmen Tiagonce Blanco terá recoñecidos 37 anos e 11 meses de servizos o día 3 de xuño de 2018, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita



un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 6 meses e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Á vista do sinalado e tendo presente que Dona M^a Carmen Tiagonce Blanco terá acreditado, á data do 3 de xuño de 2018, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 36 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta os informes dos Servizos desta Entidade provincial, así como a proposta do Sr. Deputado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona M^a Carmen Tiagonce Blanco, con efectividade do día 3 de xuño de 2018, último día que presta servizos a esta Entidade.

10.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO Nº 145/2018.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo, relativo ao Procedemento Despido/Ceses en Xeral nº 145/2018, seguido a instancia de Dona Paula María del Campo Rodríguez, fronte a esta Entidade, en materia de reclamación por despedimento, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no Procedemento referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Social nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza nº 191/2018 de 18 de abril ditada pola Sec. 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no Recurso de Apelación número 414/2017, interposto por D. Luís Ángel Rodríguez Patiño, fronte á Sentenza nº 203/2017 de 1 de setembro, ditada no Procedemento Ordinario 311/2015 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo; e en cuxo fallo di o seguinte: *“En atención a lo expuesto, la Sala ha decidido desestimar el recurso de apelación interpuesto por D. Luís Ángel Rodríguez Patiño, contra Sentencia de 1 de septiembre de 2017 dictada por el Juzgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo en el Recurso Contencioso-Administrativo PO número 311/2015 que se confirma”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- Dáse conta da Sentenza nº 59/2018 de 27 de marzo ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 284/2017, interposto por Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. (CASER), contra esta Entidade por desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta en data 10 de marzo de 2017, por danos nun vehículo derivados de accidente de circulación na estrada LU-P-5903, debido á irrupción dun xabaril na calzada; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo íntegramente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de CASER Seguros, S.A. frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, con intervención en calidad de codemandada de MAPFRE ESPAÑA de Seguros y Reaseguros, S.A., seguido como Proceso Abreviado número 284/2017 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la Sra. Castro en la suma de 2.233,64 euros, más los intereses legales devendados desde el 10 de marzo de 2017”*.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia.



Terceiro.- Dáse conta da Sentenza nº 60/2018 de 27 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 321/2017, interposto por Comercial Formarán, S.L., contra esta Entidade por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-4401, debido á existencia dun badén na calzada; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por Comercial Formarán, S.L., frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, seguido como Proceso Abreviado nº 321/2017, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y en consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la demandante en la suma de 2.366,11 euros, más los intereses legales devengados desde el 8 de marzo de 2017”.*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.